

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE MARZO DE 2009

LICENZAS

Lic/2378/2008.- María del Carmen Cerqueiro Costa.- Legalización das modificacións executadas durante a realización da obra e prórroga da licenza concedida para construción dunha vivenda unifamiliar en Ponte Alvar.

Lic/747/2008.- Lino Fernández González.- Nave industrial sen uso específico, na parcela B31 do SUNP-34 de Boisaca.

Lic/408/2008.- María Isabel López Eiras.- Inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar na rúa Camiño dos Vilares.

Lic/497/2008.- Antonio López Míguez e María Pilar Eiras Eiras.- Inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar na Parcela 540 de San Miguel dos Agros.

Lic/2335/2007.- Benedicto Iglesias Baluja.- Reconstrución e ampliación en altura da edificación existente, sen modificación da súa tipoloxía, na rúa Lamas de Abade nº 27.

Lic/1433/2006.- Ramón F. Mera Cao.- Legalización das modificacións executadas na obra de adición dunha planta baixo cuberta con destino a trasteiro na edificación situada na Rúa Chan de Curros nº 28.

Lic/1660/2008.- Comunidade de Propietarios.- Instalación dun ascensor no edificio sito na Avda. de Lugo nº 253.

Lic/942/2008.- Alfonso Munín Sánchez.- Vivenda unifamiliar en Bornais – Santa Lucía.

Lic/937/2008.- Proyectos e Inmuebles de Galicia, S. L.- Construción de dous bloques para 34 vivendas, garaxes, trasteiros e locais comerciais, bloque BA2: 24 vivendas VPA e Bloque BA3: 10 vivendas de VPL, no SUNP-11 do Castiñeiriño.

DENEGADAS.-

Lic/1868/2008.- José Carlos Gómez Gondelle.- Legalización da vivenda unifamiliar executada en Outeiro Vello nº 31.

CAMBIO DE TITULARIDADE.-

Lic/388/09.- Juan J. Vilela Puga.- Cambio de titularidade da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de marzo de 2.008, a nome de D. Guillermo Pérez Blanco e Dona Ana María Vidal Dopazo.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

Lic/1669/2008.- Antonio Quintela Hernández.- Derruba interior e substitución de cuberta na Rúa Costa do Veedor nº 25. (E).-

Lic/1362/2008.- José Antonio Rodríguez López.- Vivenda unifamiliar en Vilamaior nº 23 – Labacolla. (D).-

SUBSANACION DE ERRO PADECIDO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27.01.09

Lic/46/2009.- Rafael A. Turnes Turnes.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza Lic/2417/2006 por importe de 1.500 €.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

359/09.- María Rosa Cuquejo Carballo..... Expte. Lic/536/06 1.000 €.-

385/09.- Rios Sánchez e Hijos Promociones SL.. Expte. Lic/1429/05 8.000 €.-

380/09.- Antonio Chapela Barreiro..... Expte. Lic/1656/07..... 1.000 €.-

399/09.- Asociación Down Compostela Expte. Lic/2814/04 7.000 €.-

393/09.- Alsomate, S. L..... Expte. Lic/1111/08 9.000 €.-

390/09.- Juan Sanmartín Ferreiro, S. L. Expte. Lic/623/07 3.000 €.-

**OCIHR
LICENZAS
FAVORABLES**

LIC/1032/2008.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Instalación de andamio para restauración pinturas murales na capela maior da Catedral.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por un importe de 29.733,78 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do abono de becas de comedor escolar para o curso 2008-2009.

Apróbase o abono de bolsas de comedor escolar a 2 ANPAS por importe de 4.106,81 euros.

7 a 42.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

43.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á rectificación do acordo da sesión de 03.02.2009.

Procédese a rectificar un erro relativo ao beneficiario da exención fiscal.

44.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do gasto para o desenvolvemento de actividades dentro do programa de diminución do dano.

Apróbase un orzamento de 3.883,68 euros para as actividades de elaboración de boletín semanal de ofertas de emprego, obradoiro de teatro e programa de deporte, a desenvolver dentro do Programa de Diminución do Dano dos meses de marzo, abril, maio e xuño.

45.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico, relativa á aprobación inicial da modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, relativa á unidade edificatoria número 511127.

Apróbase inicialmente a modificación puntual do plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) no edificio número 13 da rúa das Hortas.

46.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación do uso dunha parcela das hortas urbanas de Belvís.

Adxudícase unha parcela á solicitante que ocupa o primeiro lugar na lista de agarda trala renuncia dun usuario.

47.- Proposta relativa á adxudicación provisional de varias obras incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local.

- Adxudicación provisional do contrato das **obras de substitución da rede de abastecemento en Rueiro de Figueiriñas** á empresa MONTEBALSA, SL, por importe de 90.764,05 máis IVE e un prazo de execución de 3 meses.

- Adxudicación provisional do contrato das **obras de ampliación de abastecemento no lugar de Barciela** á empresa MONTEBALSA, SL, por importe de 102.335,48 máis IVE e un prazo de execución de 3 meses.

- Adxudicación provisional do contrato das **obras de saneamento na avenida Rosalía de Castro** á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 125.060,14 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses.

- Adxudicación provisional do contrato das **obras de substitución da rede de abastecemento na rúas Pequena, Grabanxa, Queimada e do Ceo** á empresa MONTEBALSA, SL, por importe de 143.685,61 máis IVE e un prazo de execución de 3 meses.

48.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude de cesión a EMUVISSA do uso dun local sito na r/Bernardo Barreiro de Vázquez Varela.

Apróbase a solicitude e amplíase o período de cesión a 30 anos.

49.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á "descertificación" dunha cantidade correspondente aos gastos cofinanciados polo FEDER no programa operativo local 2000-2006, e substitución de proxectos.

Apróbase a descertificación da cantidade de 708.807,11 euros de gastos de proxectos cofinanciados polo FEDER.

50.- Dar conta da sinatura dun protocolo xeral de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela, a Consellería de Innovación e Industria e a "Caja de Ahorro de Galicia"; e dun convenio de colaboración para a edición e divulgación do Mapa Industrial de Compostela entre o Concello e a "Caja de Ahorro de Galicia".

Dáse conta da sinatura e do convenio.

51.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Consellería de Vivenda e Solo para intervencións de espazos públicos.

Dáse conta da sinatura.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das Bases específicas da convocatoria para a selección de persoal do programa URBANA SANTIAGO NORTE 2007-2013.

Apróbanse as bases para o nomeamento, como persoal funcionario interino, do seguinte persoal:

- un coordinador/a de actividades do programa Urbana Santiago Norte 2007-2013.
- un titulado/a medio do programa Urbana Santiago Norte 2007-2013.

2.- Adxudicación definitiva do servizo de implementación do proxecto municipal de EDUCACIÓN EN RÚA no ámbito territorial e social de referencia do punto de atención de servizos sociais en Fontiñas.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia subscrito coa empresa ATALAIA SOCIAL, SLNE, por importe de 20.950 euros máis IVE.

3.- Aprobación dos pregos e inicio dos expediente de contratación dunha obra incluída no Fondo Estatal de Inversión Local.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación das obras de **dotación de acceso a internet a través da rede Wimax nas parroquias de San Martiño de Aríns e Santa María de Figueiras**, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local, por procedemento negociado sen publicidade e trámite de urxencia cun tipo de licitación de 176.757, 03 euros máis IVE.

4.- Solicitude de subvención para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo.

Solicítase unha subvención por importe de 107.166,22 euros.

5.- Contratación dos servizos de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde de varias obras incluídas no FIL.

Adxudícanse os servizos seguintes

- urbanización da rúa da Raiola. PROYFE, SL. 17.782,20 máis IVE.

- reurbanización da rua Xeneral Pardiñas (tramo Montero Ríos-Carreira do Conde). EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA, SLP. 12.600 euros máis IVE.
- reurbanización da rúa Gómez Ulla. SEPIA TÉCNICOS, SL. 17.800 euros máis IVE.
- reurbanización da rúa Pérez Constanti. SEPIA TÉCNICOS, SL. 16.500 euros máis IVE.
- reurbanización da rúa Laverde Ruíz. SEPIA TÉCNICOS, SL. 13.000 euros máis IVE.
- reurbanización da rúa Santiago de Guayaquil. SEPIA TÉCNICOS, SL. 15.150 euros máis IVE.
- reurbanización da rúa Neira de Mosquera. SEPIA TÉCNICOS, SL. 13.540 euros máis IVE.
- reurbanización dun tramo da avenida de Vilagarcía-García Prieto-Sánchez Freire. EMILIO MATO ÍÑIGUEZ. 9.399,83 euros máis IVE. (só coordinación de seguridade e saúde).
- reurbanización da rúa Londres. EMILIO MATO ÍÑIGUEZ. 12.455,37 euros máis IVE. (só coordinación de seguridade e saúde).
- renovación da rede de abastecemento e beirarrúas en Pontepedriña. PROYFE, SL, 17.492,28 euros máis IVE.
- reurbanización de beirarrúas en Meixonfrío. PROYFE, SL, 15.579,22 euros máis IVE.
- reurbanización de beirarrúas nas Cancelas. PROYFE, SL, 17.900 euros máis IVE.

6.- Aprobación de pregos de cláusulas administrativas e inicio dos seguintes expedientes de contratación:

- **Servizo de dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de ordenación funcional do núcleo de Canteira (San Lázaro) incluídas no FIL.**

Por procedemento negociado sen publicidade e un tipo de licitación de 34.236,75 euros máis IVE.

- **Servizo de dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización da rúa Curros Enríquez incluídas no FIL.**

Por procedemento negociado sen publicidade e un tipo de licitación de 32.467,28 euros máis IVE.

- **Servizo de dirección facultativa superior das obras de reurbanización da rúa Londres incluídas no FIL.**

Por procedemento negociado sen publicidade e un tipo de licitación de 29.266,88 euros máis IVE.

- **Servizo de dirección facultativa superior das obras de reurbanización dun tramo da Avda. De Vilagarcía-García Prieto-Sánchez Freire incluídas no FIL.**

Por procedemento negociado sen publicidade e un tipo de licitación de 22.710,81 euros máis IVE.